

OS SOCIALISTAS DE CASTRO DE REI COMPROMÉTENSE A RETOMAR A APROBACIÓN DO PXOM PARALIZADA POLO PP

A alcaldable do PSOE pretende reemprender as xestións e aprobar definitivamente o Plan Xeral de Ordenación que permita fixar e atraer poboación ao municipio

O secretario Provincial indicou que “o proxecto que desenvolverán os membros da lista socialista é o mellor proxecto posible co que faremos realidade o cambio necesario para o municipio despois de catro anos de desgoverno do PP”

Os socialistas xestionarán o concello “atendendo sempre ás suxestións que a cidadanía nos faga chegar para ocuparnos das necesidades reais da maioría”, concluíu a alcaldable

Castro de Rei, 14 de maio de 2015.- O PSOE de Castro de Rei, comprometeuse hoxe, nun mitin no que tamén participaron o secretario Provincial –Juan Carlos González Santín-, os números dous e trece da candidatura local –Luis Veiga e Juan José Díaz Valiño-, a reactivar a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Neste senso, a alcaldable socialista- Marisa Rodríguez Gigán- indicou que retomaremos e aprobaremos o Plan que fora aprobado inicialmente na lexislatura do 2007-2011 e paralizado co goberno do Partido Popular”. Para a candidata, “o PXOM é unha das nosas prioridades de Goberno, xa que permitirá fixar e atraer nova poboación ao municipio”.

Este é un dos piares do proxecto do PSOE para ofrecer a Castro de Rei e a súa cidadanía oportunidades de futuro. Neste senso, o secretario Provincial indicou que “o proxecto que desenvolverán os membros da lista socialista é o mellor proxecto posible co que faremos realidade o cambio necesario para o municipio despois de catro anos de desgoverno do PP”.

González Santín afirmou que “a candidatura socialista está composta por homes e mulleres comprometidos en traballar por e para Castro de Rei, en marcar o camiño de progreso económico, social e cultural que permita unha mellora da calidade de vida dos seus veciños e veciñas e continuar así co traballo feito nos 4 anos de goberno socialista”.

Axuda ás familias

E é que, o programa dos socialistas prevé potenciar os Servizos Sociais, exercendo un apoio prioritario ás familias en risco de exclusión social. Ademais, pretenden poñer en marcha novas Políticas de Conciliación de vida familiar e laboral e asumir o Programa de Madrugadores posto xa en marcha pola ANPA do Colexio Veleiro Docampo.



A posta en valor da agricultura é da gandería do municipio é outro dos piares do proxecto que lidera Rodríguez Gigán. Neste senso, a candidata explicou que buscarán a colaboración coa Deputación para a utilización e posta en marcha do Centro de Recría, así como o centro de formación agropecuaria que se instalaría no edificio do San Rafael.

Xestión democrática e transparente

O PSOE de Castro de Rei xestionará o concello dun xeito “democrático, transparente e participativo, permitindo así o desenvolvemento que merece o municipio; atendendo sempre ás suxestións que a cidadanía nos faga chegar para ocuparnos das necesidades reais da maioría”, concluíu a alcaldable.

A lista, que levará a cabo o proxecto de goberno socialista en Castro de Rei, está composta polos seguintes integrantes:

1. Marisa Rodríguez Gigán
2. Luis Veiga Veiga
3. José María Campo Castro
4. Carlos Sinde Basanta
5. María Josefa Folgueira Lage
6. Trinidad Castro Docando
7. Julio Pita Muínelo
8. Ana María Canto Rodríguez
9. Beatriz Mouriz Lorenzo
10. José Carballeira Valiña
11. Isabel Barja Crecente
12. Mónica Expósito Rodríguez
13. Juan José Díaz Valiño

Suplentes:

1. Mario Saavedra Pérez
2. Iria Campo Piñeiro

